



full circle

A REVISTA DA COMUNIDADE UBUNTU



CARACTERÍSTICAS DE FEISTY

UBUNTU 7.04 - ¡ESTÁ QUE ARDE!

¡FEISTY FAWN XA ESTÁ AQUÍ!

COÑECE AS NOVAS CARACTERÍSTICAS

DISPONÍBLES EN

UBUNTU 7.04



HISTORIA:
DENDE WARTY
ATA FEISTY FAWN
A HISTORIA DE UBUNTU

¡AVANCE ESPECIAL DE FEISTY FAWN!



full circle

Introdución	p.03
Warty Warthog	p.04
Hoary Hedgehog	p.05
Breezy Badger	p.06
Dapper Drake	p.07
Edgy Eft	p.08
Feisty Fawn	p.09
Migración dende Windows	
Xestor de redes	
Fácil instalación de codecs multimedia	
Ferramentas de diagnósticos rápidos	
Novos xogos	
Centro de axuda	
Efectos de escritorio	
Fácil instalación de drivers propietarios	
Xorg 7.2	
Soporte para máis hardware, incuíndo Macs Intel	
Como conseguir Ubuntu	p.14
Como contribuír en full circle	p.17




Todo o texto e imaxes contidas nesta revista están licenciados baixo a licenza Creative Commons Attribution-ShareAlike 3.0 Unported. Isto significa que podes adaptar, copiar, distribuír e transmitir os artigos pero só baixo as seguintes condicións: Debes atribuír o traballo ós autores orixinais (polo menos o nome, e-mail ou páxina web), a esta revista por o nome (full circle) e a páxina web www.fullcirclemagazine.org (pero non atribuírte o(s) artigo(s) de ningunha forma que suxira que tes pleno uso destas obras). E se alteras, transformas ou constrúes obras baseándote neste traballo tes que distribuír o traballo resultante baixo a mesma licenza ou baixo unha similar ou compatible.

INTRODUCCIÓN

É difícil crer que Ubuntu ten xa tres anos e pasou por diferentes versións. A primeira foi en outubro de 2004, producido por Canonical Limited, e cunha web chamada orixinalmente no-name-yet.com (que aínda existe). Ubuntu é unha bifurcación do vello Debian GNU/Linux. O nome, Ubuntu, ven do concepto ubuntu do Zulu e do Xhosa que significa "Son o que son debido ó que todos nós somos", que se converte en "Linux para os Seres Humanos" – o slogan de Ubuntu. Como entorno de escritorio, Ubuntu emprega GNOME e, coma GNOME, Ubuntu promete novas versións cada seis meses - algo que non prometería ningunha outra distribución Linux, incluso hoxe.

A cada versión do núcleo de Ubuntu dáselle un nome en clave. Warty Warthog foi o primeiro, e con cada nova versión un novo e divertido nome de animal.



Grazas a: linuxgeekery pola páxina web e o nome de dominio .org, mykalReborn, ookooboontoo e mrmonday polo logo de full circle. UbuntuForums.org por deixarnos encher de spam o seu foro mentres organizábase todo isto. Ó Equipo de Marketing de Ubuntu por axudarnos a promover e distribuír esta revista. E por riba de todo; á comunidade Ubuntu - como conxunto - por ser unha grande, útil e alegre familia.

Esta revista foi feita empregando:



WARTY WARTHOG

Outubro de 2004

4.10 - Warty Warthog

Warty Warthog foi a primeira versión de Ubuntu, chamada así porque tiña que ser lanzada "con verrugas e todo". ¿Por que comezar na versión 4? O catro simboliza o ano no que foi lanzada; 2004, e o dez o mes; outubro. O escritorio tivo máis ben cores escuras, o laranxa e marrón simbolizaban as tribos surafricanas. Unha das vantaxes cas que Ubuntu contaba dende un principio foi o Live CD. Este Live CD permitiría a usuarios potenciais probar Ubuntu sen instalalo, algo que ningunha outra distribución Linux ofrecía ós usuarios finais.

Kernel Linux - 2.6.7
xfree86 - 4.3.0.1
Gnome - 2.8



HOARY HEDGEHOG

Abril de 2005

5.04 - Hoary Hedgehog


Seis meses máis tarde, como se prometera, veu Hoary Hedgehog. O escritorio cambiou lixeiramente pero aínda tiña cores escuras dados os estándares actuais. O Live CD foi mellorado e estendido ás arquitecturas de 64 bits e Power PC. Por abril de 2005, Ubuntu tiña madurado e xa nacera unha nova distribución chamada Kubuntu. Estaba construída dende a fundación Ubuntu pero en vez de GNOME como entorno de escritorio, Kubuntu empregou KDE.

Kernel Linux - 2.6.10

X.Org - 6.8.2


Gnome - 2.10

KDE - 3.4



Ubuntu 5.04 (arriba)

Kubuntu 5.04 (dereita)



BREEZY BADGER

Outubro de 2005

5.10 - Breezy Badger

Ubuntu estaba, por aquel entón, gañando aceptación dentro da comunidade Linux. Con Breezy apareceu o nacemento de Edubuntu, unha terceira distribución Linux centrada na ligazón ca educación. Tamén apareceu o soporte para servidores en Ubuntu. A distribución Kubuntu cambiou Kynaptic (un xestor de paquetes) por Adept e convertiuse no primeiro en empregar devtags para unha procura de aplicacións máis sinxela. Tamén se engadiu KDE Bluetooth.

Kernel Linux - 2.6.12

X.Org - 6.8.2

Gnome - 2.12.1

KDE - 3.5.2

Edubuntu 5.10 (abaixo)



DAPPER DRAKE

Xuño de 2006

6.06 - Dapper Drake

Dapper converteuse na seguinte versión, a metades do 2006. Abril non tivo lanzamentos debido a que Mark Shuttleworth (o fundador de Ubuntu) deu tempo adicional ó desenvolvemento da nova versión. Dapper foi a primeira versión LTS - Long Term Support - en Ubuntu, isto é, á versión escritorio garantíronselle 3 anos de soporte e á versión servidor 5 anos. O Live CD (chamado agora CD de escritorio) converteuse tamén en CD de instalación, xa que no escritorio os usuarios podían facer dobre clic na icona de instalación e instalar facilmente Ubuntu. Ademais os usuarios non tiñan por que instalar Ubuntu nos seus discos duros, senón que podían instalalo nun dispositivo USB. Outras melloras no núcleo inclúen un inicio máis rápido, un apagado gráfico, unha nova ferramenta de actualización e melloras na reprodución de vídeo. As redes sempre foron difíciles de configurar, pero o novo xestor de redes fixo esta tarefa un pouco máis fácil. Agora OpenOffice 2.0.2 viña instalado por defecto. E por se non era suficiente, a familia creceu unha vez máis. En vez de GNOME ou KDE, Xubuntu empregou o entorno Xfce. Lixeiro no uso de recursos, Xubuntu era perfecto para equipos antigos, tanto de sobremesa coma portátiles.



Kernel Linux - 2.6.15

X.Org - 7.0

Gnome - 2.14

KDE - 3.5.4

Xfce - 4.3.90.1



Kubuntu 6.06 (arriba esquerda)

Ubuntu 6.06 (arriba)

Xubuntu 6.06 (esquerda)

EDGY EFT

Outubro de 2006

6.10 - Edgy Eft

Cun inicio e apagado máis rápido e a integración de TomBoy e F-Spot, Ubuntu Edgy converteuse nun pequeno paso entre Dapper e o adiantado Feisty Fawn 7.04. O estilo interior de Ubuntu fíxose máis lixeiro e máis agradable á vista. Kubuntu engadiu unha aplicación para o control de fotos, digiKam; redeseñou o seu panel de configuración do sistema; e mellorou o soporte para os botóns dos portátiles e o sistema de control de enerxía.


Kernel Linux - 2.6.17

X.Org - 7.1

Gnome - 2.16

KDE - 3.5.5

Xfce - 4.3.99 RC1



Ubuntu 6.10 (enriba esquerda), Kubuntu 6.10 (enriba) e Xubuntu 6.10 (esquerda)

Ubuntu está - ata o de agora - fundado por Mark Shuttleworth a través de Canonical Limited. En 2005 Canonical anunciou a creación da Fundación Ubuntu. A fundación de 10 millóns de dólares asegura a continuidade de Canonical con Ubuntu. **¡Así que habrá moitos anos máis de Ubuntu!**

FEISTY FAWN

Abril de 2007


7.04 - Feisty Fawn

Este último Ubuntu ven cun montón de novas características incluíndo novas e máis fáciles formas de instalar codecs multimedia e, como non, o innovador asistente de migración de Windows entre outras. ¡Segue a ler!

Kernel Linux - 2.6.20
X.Org - 7.2
Gnome - 2.18
KDE - 3.5.6
Xfce - 4.4

Migración dende Windows

A nova ferramenta de migración reconece os favoritos de Internet Explorer, os marcadores de Firefox, o fondo de escritorio e os contactos dos clientes de mensaxería de AOL e Yahoo! e impórtaos en Ubuntu. Isto ofrece unha forma máis sinxela e rápida para os novos usuarios de migrar a Ubuntu ou ter un equipo dual. Ademais pódese migrar máis dunha conta de usuario.



O xestor de redes (arriba)

Melloras de redes

Fácil conexión a redes inalámbricas

O xestor de redes é novo en 7.04, un modo máis sinxelo de atopar e conectarse ás redes, ven sexan inalámbricas ou alámbricas. Cun simple clic, ves todas as redes dispoñibles e a súa intensidade de sinal. Para os amantes da seguridade o soporte WPA está incluído por defecto.

Zeroconf para redes instantáneas

Para cando non existe un router ou unha rede, 7.04 inclúe a habilidade de conectarse instantaneamente via Avahi, unha implementación libre de Zeroconf. Permite ós programas publicar e descubrir servicios e hosts nunha rede local sen configuración.


Fácil instalación de codecs multimedia

Reproducir arquivos mp3 ou multimedia fíxose máis sinxelo. Se os codecs precisos non se atopan dispoñibles, 7.04 procuraraos para ti; acabouse a procura ou as instrucións complicadas.



Ferramentas de diagnósticos rápidos

O analizador de uso de discos permíteche ver estatísticas sobre o uso dos discos de forma máis intuitiva.



Novos xogos: Sudoku e Xadrez

Cun cambio de mantedores en gnome-games, o pracer de novos e máis excitantes xogos chegou. Despois de dúas enquisas para quitar un xogo e engadir outro, apareceron 2 xogos novos: gnome-sudoku e glchess. Ambos foron engadidos a gnome-games 2.17 e podes atopalos en Aplicacións > Xogos > Xadrez ou Sudoku.



Claro que un xogo tiña que marchar. Tristemente Ataxx -- similar a Reversi ou Othello -- tivo que deixarnos.




Centro de axuda

Para conseguir un sistema de axuda máis accesible, Feisty trae consigo un novo centro de axuda cunha interface máis sinxela e estilizada.




Efectos de escritorio

Como avance tecnolóxico, e para os usuarios que o escollan, están dispoñibles novos e sorprendentes efectos de escritorio. Para os usuarios que teñan tarxetas gráficas ou algunhas non soportadas estes efectos están desconectados por defecto.



Fácil instalación de drivers binarios

O xestor de drivers propietarios permítelles ós usuarios instalar e manexar os drivers binarios propietarios de hardware que poidan querer ou precisar. Co novo xestor podes instalar facilmente drivers para a túa tarxeta WiFi, tarxeta de vídeo e moito máis.



Xorg 7.2

Coa idea de vangarda en mente inclúese X11R7.2, a terceira versión do sistema X Windows modular, nesta e versións sucesivas de Feisty. X11R7.2 ven con cambios significantes na estabilidade, incluíndo sistemas intelixentes de autoconfiguración, soporte mellorado para xestores gráficos baseados en GL como Compiz e Beryl así coma para sistemas PCI con múltiples dominios. Tamén trae a nova e máis extensible estrutura de políticas de seguridade XACE.

Soporte para máis hardware, incluíndo os Mac con procesadores Intel

Coma con cada versión, 7.04 ven con soporte para máis hardware, incluíndo mellor soporte para portátiles e novos periféricos. Tamén inclúe soporte para os novos Mac con procesadores Intel.

Descargar Feisty

<http://releases.ubuntu.com/feisty/> (Ubuntu)

<http://releases.ubuntu.com/kubuntu/feisty/> (Kubuntu)

<http://releases.ubuntu.com/edubuntu/feisty/> (Edubuntu)

<http://cdimage.ubuntu.com/xubuntu/releases/feisty/> (Xubuntu)

<http://cdimage.ubuntu.com/ports/releases/feisty/> (PowerPC, IA-64, SPARC)

COMO CONSEGUIR UBUNTU

Podes conseguir Ubuntu de diferentes formas: pedíndoo a través de [ShipIt!](#), onde che enviarán CDs gratis; comprándoo nalgún vendedor online; ou, finalmente, descargando unha imaxe (*.iso) que terás que gravar nun CD ou DVD. Isto é o que ensinaremos agora para usuarios de Windows. Precisarás unha gravadora de CD/DVD e un software de gravación – recomendamos [InfraRecorder](#), que é gratis e de código aberto.

Descargando o arquivo de imaxe

Para descargar o arquivo ISO vai á páxina “[Conseguir Ubuntu](#)”. Avisámosche de que este arquivo ocupa uns 700MB así que se tes unha conexión lenta ou limitada quizais deberías considerar outras formas de conseguir Ubuntu.


The image shows the 'Download Ubuntu' section of the Ubuntu website. At the top, there are three tabs: 'Download Ubuntu' (active), 'Buy Ubuntu on CD', and 'Request free CDs'. Below the tabs, the main heading is 'Which release do you want?'. There are two columns: 'Desktop Edition' and 'Server Edition'. Under 'Desktop Edition', there are two radio buttons: 'Ubuntu 6.10 - Supported to 2008' (selected) and 'Ubuntu 6.06 LTS - Supported to 2009'. Under 'Server Edition', there are two radio buttons: 'Ubuntu 6.10 - Supported to 2008' and 'Ubuntu 6.06 LTS - Supported to 2011'. Below this, the heading is 'What type of computer do you have?'. There are four radio buttons: 'Standard personal computer (x86 architecture, Pentium™, Celeron™, Athlon™, Sempron™)' (selected), 'PowerPC based Apple computers and OpenPower/Power5 computers', '64bit AMD and Intel computers', and 'Sun UltraSPARC based'. Below that, the heading is 'Choose a location near you'. There is a text box with the placeholder 'Please Choose a Location' and a dropdown arrow. At the bottom, there is a green checkmark icon and the text 'Start Download'.


Fig 1 - A páxina de descargas de Ubuntu (arriba)

Atoparás unha táboa (figura 1, arriba) onde terás que escoller a edición que queres - Servidor (server) ou Escritorio (desktop) - e tamén a versión e arquitectura. Para esta guía escollemos Ubuntu 6.10 edición escritorio, para un equipo estándar de 32 bits de procesamento (x86), que é o máis común. Escolle a localización máis achegada a ti e pulsa "Start Download" para comezar a descarga.

Un arquivo de extensión ISO gardarase no teu equipo (dereita).




Agora que xa descargaches o arquivo ISO, lanza o teu software de gravación e inserta un CD en branco na túa gravadora. Se se activa a reprodución automática ignóraa premendo en cancelar.



InfraRecorder en Windows (arriba)

Agora abre o menú "accións" e selecciona "Gravar imaxe" (arriba). Selecciona a ISO que acabas de descargar. Se che pregunta se a queres gravar nun DVD preme non.



Aparecerán as opcións de gravación (arriba). Excepto a de velocidade de gravación (writing speed), a cal recomendamos 1x-4x para asegurarse de que se grava un CD perfecto, as demais opcións poden ser as predeterminadas. Preme "Aceptar" para comezar a gravación.


Tan só asegúrate de que o CD non ten defectos, reinicia e arranca dende o CD. Selecciona a opción "Comprobar defectos" (Check CD for defects).

¡Parabéns, remataches!

¡Feliz Ubunting!

Joao Santiago

exalowprofile@gmail.com



COMO CONTRIBUÍR

Sempre estamos a buscar novos artigos para incluír en **full circle**.

Se te sentes ben empregando o wiki, podes copiar e pegar o teu artigo na páxina de **full circle** nos wiki de Ubuntu en <http://wiki.ubuntu.com/UbuntuMagazine>

Aí atoparás instrucións sobre cómo engadir o teu artigo ó wiki.

Se non te levas ben cos wikis e prefires enviarnos un e-mail con el mándao aquí por favor: articles@fullcirclemagazine.org

Nós colocaremos o artigo no wiki por ti.

Se queres enviar **noticias**, manda un e-mail a - news@fullcirclemagazine.org

Envía os teus **comentarios** ou **experiencias** a - letters@fullcirclemagazine.org

Análises de hardware/software a - reviews@fullcirclemagazine.org

Preguntas para entrevistas futuras a - questions@fullcirclemagazine.org

Listas e fotos de escritorios ou equipos a - misc@fullcirclemagazine.org

Se tes algunha pregunta, visita a nosa páxina web - www.fullcirclemagazine.org

Normas para os envíos

A única regra para os envíos é; que teñen que ser dalgunha forma relacionados con Ubuntu ou algún dos seus moitos derivados (Kubuntu, Edubuntu, Xubuntu, etc.).

Por favor segue estas normas:

* Escribe o teu texto co software que máis che guste (recomendamos OpenOffice) pero, o máis importante, - ¡COMPROBA A ORTOGRAFÍA!.

* As imaxes deben ser JPG ou PNG. De usares JPG emprega pouca compresión de imaxe por favor.

* Respecto ó tamaño das imaxes; se dubidas, envía a imaxe a tamaño completo e nós reduciremos o tamaño durante a publicación.

Os artigos poden ser sobre calquera cousa sempre e cando repiten a sinxela regra mencionada enriba. Se precisas ideas, [mira nas páxinas do wiki](#), hai moitas ideas aí.

Se o teu idioma nativo non é o inglés, tranquilo -- escribe o artigo e nós leremos e corrixiremos. Non só estás axudando á revista e á comunidade, ¡nós tamén estamos axudándote a mellorar o teu Inglés!

Hai formas de contribuír para todos, así que ¡escolle a túa!.